

Artigo 6º.-*Información aos usuarios.*

1. De conformidade co previsto no artigo 3.4º do Decreto 107/2008, do 15 de maio, polo que se regula a sinalización, información e publicidade das oficinas de farmacia, naquelas oficinas que teñan autorizado o servizo de quendas de urxencia localizadas, indicárase de xeito visible e claro o modo de acceder ao dito servizo na fachada ou exterior da propia oficina de farmacia, nas farmacias da zona farmacéutica, así como nos centros de atención primaria e hospitalaria máis próximos.

2. Así mesmo, indicárase de forma clara e visible a modalidade de quenda de urxencia localizada que se está a desenvolver, así como o tempo máximo de 15 minutos no que ten que presentarse o/a farmacéutico/a.

3. Para acceder ao servizo, establecerase un sistema de localización do/a farmacéutico/a que non ocasiona ningún gasto económico para o usuario e permita o inmediato contacto co/a profesional farmacéutico/a. Se o sistema de localización implantado non cumprixe estas condicións, tal circunstancia poderá implicar a exclusión do calendario e a imposibilidade de realizar quendas de urxencia localizadas na oficina de farmacia de que se trate.

Artigo 7º.-*Infraccións e sancións.*

O incumprimento do disposto neste decreto quedará sometido ao réxime de infraccións e sancións que establece a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, a Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, e o Decreto 107/2008, do 15 de maio, polo que se regula a sinalización, información e publicidade das oficinas de farmacia.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición transitoria

As solicitudes de inclusión no calendario de quendas de urxencia para o ano 2010, na modalidade de quendas de urxencia localizadas, presentáranse dentro dos dous meses seguintes á entrada en vigor desta orde.

Rematado o prazo indicado, os colexios oficiais respectivos comunicarán as variacións producidas no calendario de quendas de urxencia como consecuencia das solicitudes presentadas.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2010.

Mª del Pilar Farjas Abadía
Conseleira de Sanidade

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 5 de abril de 2010, da Dirección Xeral de Tributos, pola que se actualizan os anexos V e VI da orde da Consellería de Economía e Facenda, do 30 de xuño de 1992, pola que se aproba o modelo de autoliquidación das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia e se establece a utilización de efectos timbrados para o pagamento das taxas por servizos administrativos de compulsión de documentos e de verificación de suficiencia e documentos acreditativos de lexitimación, e o anexo I da Orde do 29 de xuño de 1994, pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para unha adecuada aplicación das taxas e dos prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, as ordes a que fai referencia o título desta resolución procederon a codificar tanto as diferentes taxas e servizos xestores que as aplican, a primeira, como os diferentes prezos públicos e privados, a segunda.

Esta resolución recolle os cambios producidos nos anexos citados desde a última Resolución do 23 de decembro de 2009.

No que se refire ao anexo V da Orde do 30 de xuño de 1992, elimínase un código de servizo por petición do órgano xestor e corríxese a denominación doutro código de servizo. No primeiro caso responde a adecuación aos cambios producidos polo último decreto de modificación da estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Respecto ao anexo VI da Orde do 30 de xuño de 1992, en decembro de 2009 e febreiro de 2010 aprobáronse e publicáronse dúas normas lexislativas que modificaron e eliminaron determinados códigos existentes das taxas.

No que se refire ao anexo I da Orde do 29 de xuño de 1994, a prestación de novos servizos polo Instituto Galego de Calidade Alimentaria conporta a necesidade de crear novos códigos para os prezos privados que os gravan.

As normas que motivan as modificacións son as que se citan a seguir:

1. Decreto 449/2009, do 23 de decembro, polo que se modifica o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

2. Lei 7/2009, do 22 de decembro, de modificación da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia.

3. Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

4. Orde do 23 de marzo de 2010 pola que se regulan os prezos privados dos servizos de xestión, control e certificación da calidade alimentaria do Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

Por todo iso, e en virtude do parágrafo segundo da disposición adicional da Orde do 30 de xuño de 1992 referida, e da disposición adicional terceira da Orde do 29 de xuño de 1994,

RESOLVO:

Primeiro.-Actualizar as táboas dos códigos de consellerías e servizos recollidas no anexo V da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 30 de xuño de 1992, da forma que se especifica a continuación:

A) Eliminando o código de servizo número 27 *Fomento e Calidade da Vivenda*, da Consellería 06 Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

B) Modificando o código do servizo número 13, na Consellería 14 Traballo e Benestar, que queda redactado como segue:

13. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral: OA.

Segundo.-Actualizar o anexo VI da orde da Consellería de Economía e Facenda, do 30 de xuño de 1992, do xeito seguinte:

A) Modificando a redacción dos códigos seguintes:

31.19.01: clasificación e calquera tipo de cambio ou reforma substancial respecto das condicións en que fose outorgada a clasificación de establecementos hoteleiros e extrahoteleiros, apartamentos turísticos, vivendas vacacionais, albergues turísticos e turismo rural.

31.19.03: autorización de apertura e/ou clasificación e calquera tipo de cambio ou reforma substancial respecto das condicións en que fose outorgada a autorización e/ou a clasificación dos campamentos de turismo.

31.19.04: clasificación e calquera tipo de cambio substancial respecto das condicións en que fose outorgada a clasificación das axencias de viaxes, as centrais de reservas e as sucursais.

31.19.05: clasificación e calquera tipo de cambio ou reforma substancial respecto das condicións en que fose outorgada a clasificación de restaurantes, cafetarías, *fancho*s, cafés, bares e discotecas, salas de festas e empresas de catering e de colectividade.

31.22.03: declaración responsable de laboratorios de ensaios de control de calidade e de entidades de control de calidade da edificación.

31.22.04: visitas de inspección de laboratorios de ensaios de control de calidade e de entidades de control de calidade da edificación.

32.51.00: autorización comercial autonómica para a instalación, ampliación e traslado de establecementos comerciais.

B) Eliminando os códigos seguintes:

31.19.09: autorización e cambios de titularidade, modificacións e calquera outro suxeito á autorización turística das empresas relacionadas coa organización de actividades de turismo activo.

31.22.07: acreditación de entidades de control de calidade da edificación (ECCE).

Terceiro.-Actualizar o anexo I da orde da Consellería de Economía e Facenda, do 29 de xuño de 1994, engadindo os seguintes códigos:

36.38.00: actuacións en materia de calidade alimentaria.

36.38.01: xestión de consellos reguladores.

36.38.02: control e certificación da calidade alimentaria.

36.38.03: control e certificación dos viños da terra.

Cuarto.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2010.

Carlos Rodríguez Sánchez
Director xeral de Tributos

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 12 de abril de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria da III edición dos premios a procesos de implantación ou desenvolvemento da Axenda 21 Escolar de Galicia en centros educativos de ensino público non universitario para o curso 2009-2010.

Convivir coma cidadáns nunha sociedade complexa e dinámica require a introdución do concepto de sustentabilidade desde unha perspectiva temporal, global e igualitaria. A sustentabilidade depende das variables económicas, pero tamén, e cada vez máis,